

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*CÉDULA do 12 de febreiro de 2020 pola que se anuncia inicio de procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque auxiliar de acuicultura Mekong, declarado en situación de abandono.*

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en aplicación da resolución emitida pola Presidencia de Portos de Galicia o 12 de febreiro de 2020, anúnciase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web [www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal), epígrafe de comunicacións e avisos-venda de embarcacións, o inicio do procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque Mekong.

1. Obxecto da poxa: alleamento do buque Mekong, en fase de construción e sen documentación oficial.

A descrición técnica en detalle e a taxación do buque recóllense nun informe de valoración que pode ser consultado na páxina web [www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal), epígrafe de comunicacións e avisos-venda de embarcacións, ou solicitado no Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia (teléfono 981 54 53 29).

2. Prezo base de licitación: o prezo base de saída, con ofertas á alza para cada unha das poxas previstas, é o seguinte:

2.1. Prezo base de licitación da primeira poxa: cincuenta mil (50.000) euros.

2.2. Prezo base de licitación da segunda poxa: corenta e dous mil cinco centos (42.500) euros.

2.3. Prezo base de licitación da terceira poxa: trinta e seis mil cento vinte e cinco (36.125) euros.

3. Poxas sucesivas: no caso de que non resulte adxudicado o buque na primeira poxa celebraranse sucesivamente e sen solución de continuidade ata dúas poxas máis.



4. Garantía provisional exixida: o licitador estará obrigado a constituír e presentar ante Portos de Galicia unha garantía cun importe equivalente ao 20 por cento do prezo base de licitación previsto para a primeira poxa, constituída exclusivamente baixo calquera das formas admitidas no prego de condicións regulador da poxa.

5. Exposición do buque: o buque obxecto da poxa atópase varado na mariña seca do porto de Rianxo. A inspección e visita do buque axustaranse ao disposto no prego de condicións regulador da poxa.

6. Prazo de presentación de proposicións: 20 días contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente cédula no *Diario Oficial de Galicia*.

7. Lugar de presentación de proposicións: a documentación será presentada no Rexistro Xeral dos Servizos Centrais de Portos de Galicia sitos na praza de Europa, 5 A, 6º, 15707 de Santiago de Compostela, de luns a venres das 9.00 ás 14.00 horas, por algún dos medios indicados no prego de condicións regulador da poxa. A forma de presentar as proposicións e o seu contido será o indicado no prego de condicións regulador da poxa.

8. Acto público de apertura de proposicións económicas: nos termos establecidos na condición 12 do prego de condicións regulador da poxa, o acto público de apertura de proposicións económicas terá lugar en día e hora que se anunciará na páxina web de Portos de Galicia [www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal), dentro da epígrafe de comunicacións e avisos, subepígrafe de venda de embarcacións.

9. Gastos dos anuncios: serán por conta exclusiva do adxudicatario.

10. Documentación: o prego de condicións que rexerá na poxa poderá obterse tanto no Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia (teléfono 981 54 53 29) como na páxina web [www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal), epígrafe de comunicacións e avisos-venda de embarcacións.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2020

Susana Lenguas Gil  
Presidenta de Portos de Galicia

